



O Entroido en España


Curso 2 010 – 2 011

Diccionario Real Academia Galega

ENTROIDO s.m. 1. Período de tres días que precede á Coresma, durante o que se celebran festas populares con máscaras, comparsas, bailes, etc. *O Entroido é o tempo das filloas.* **SIN.** carnaval. 2. As propias festas que se celebran durante eses días. *O Entroido de Río, de Venecia, de Xinzo. Onte andamos todo o día de Entroido.* **SIN.** carnaval. 3. Persoa que se disfraza nesa festa ou, por extensión, a que en xeral anda vestida de maneira descoidada ou ridícula. *Chegaron uns entroidos pedindo cartos. Con ese gabán vas feito un entroido.*

ESPAÑA





GALICIA

A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra



**Provincia
de
Lugo**




PÓBRA DE BROLLÓN

MACEDA

CHANTADA



VERÍN



COBRES




XINZO

Galicia

LAZA






ASTURIAS

Asturias



O carnaval ou **ANTROXU** de Avilés está declarado Festa de Interese Turístico, sendo a cita festiva máis popular, extensa e participativa do calendario carnavalesiro asturiano.

Promovido polo Concello de Avilesino, a súa organización é deseñada e realizada por un amplo abano de asociacións e colectivos cidadáns. Cada ano un destes colectivos, ou persoa singular, é elixido, baixo a denominación de Reis do Goxu e da Faba, para presidir a organización colectiva do carnaval.




CANTABRIA

Cantabria




LA VIJANERA. Orixinalmente, a Vijanera festexábase nos vales de Iguña, Toranzo, Trasmiera, Campoo e Polaciones pero na actualidade a única localidade da rexión onde se leva a cabo é a citada Silió.

Non obstante os verdadeiros protagonistas da festa son **os zarramacos** debido á importancia do seu papel. Estes últimos son persoas vestidas con peles de carneiro e sombreiros picudos ademais de levar a cara pintada de negro. Van escorrentando os malos espíritos do ano que comeza facendo soar as chocas que levan atadas ao corpo.




EUSKADI

Gipúscoa, Biscaia, Álava



CARNAVAL DE TOLOSA .Dos poucos que poden presumir de non ter deixado nunca de celebrarse, nin sequera durante os anos de prohibición. Escapáronse da censura facéndose pasar por Festas de Primavera, a pesar de levarse a cabo en pleno inverno. Hoxe en día os carnavais desta cidade guipuscoana son, seguramente, os máis famosos de toda Euskadi. Os festexos que se celebran en Tolosa son, sobre todo, unha magnífica demostración de participación cidadá.



COMUNIDAD FORAL DE NAVARRA


Navarra



CARNAVAL DE LANTZ

Carnaval rural de gran tradición, no que durante uns días as forzas do mal e do ben se enfrontan nunha batalla simbólica na que a sede de xustiza mobiliza as iras populares.

Cada martes de carnaval celébrase na vila de Lantz, o apreixamento, xuízo e morte na cacharela do **mítico e malvado bandido Miel Otxin**.



ARAGÓN

Huesca, Zaragoza, Teruel



CARNAVAL DE BIELSA Como personaxes que interveñen na festa, encóntranse as "**trangas**", que son homes novos ataviados con faldras e camisas de cadros, que simbolizan a fertilidade. As súas costas están cubertas por pel de carneiro, e a súa cabeza por unha gran cornamenta. Levan a cara pintada de negro, e os seus dentes, confecciónanse con pataca, portando un chocallo á cintura. Empuñan un pau co que golpean o chan, para incitar o brote das sementes.

As "**madamas**", son mozas solteiras, cuxa indumentaria simboliza a pureza. Esta composta de blusa e falda branca, e fitas de varias cores, e o traxe lócenlo as mozas non casadas da localidade.

Pola tarde as "trangas", van buscar á súa casa ás madamas, para acompañalas á praza, onde.




CATALUÑA

Barcelona, Lleida, Xirona



O CARNAVAL DE SOLSONA O Carnaval de Solsona é unha festa popular que se celebra na localidade de Solsona, capital da bisbarra do Solsonés, en Cataluña. Empeza uns días antes do Xoves Lardero e remata, como todo Carnaval tradicional, o Mércores de Cinza. É un dos carnavaais máis importantes, tendo o título de "Festa de Interese Turístico Nacional", dende 1978.




CASTELA e LEÓN

Ávila, Burgos, León, Palencia, Salamanca, Segovia, Soria, Valladolid e Zamora




CARNAVAL DE LA BAÑEZA. A característica principal do carnaval bañezano é a ausencia dun concurso de disfraces con premios ou compensacións económicas por participar, como pode acontecer nos carnavais doutros lugares. A maior parte da cidade envórcase con esta festa, transmitindo o interese por elas xeracionalmente. En moitos casos, os integrantes preparan cun ano de antelación, a busca de complementos, teas, máscaras e actuacións que realizarán, motivados por un «sentimento carnavalesco», que se vive durante eses días. Ante isto, o carnaval desorganizado está a captar cada vez máis adeptos, disfrazándose fóra dos horarios de desfile, días sen actos, no lugar de traballo, etc. buscando a sorpresa e o asombro de concidadáns e visitantes.




A RIOXA

A Rioxa




Carnaval de Logroño que se celebrará os próximos 5,6 e 7 de marzo, terá como tema central a rodaxe da película 'Rúa Maior' e a década dos anos 50 e incluírá, entre outras actividades, unha recreación de escenas da película e unha verbena típica desa época.

A película 'Rúa Maior' (de Juan Antonio Bardem) foi rodada, en parte, en Logroño en 1956 e a rúa á que fai referencia o título é a logroñesa Portales, que foi un dos escenarios principais xunto á Praza do Mercado.




EXTREMADURA

Cáceres e Badaxoz



O PEROPALO é o nome co que se coñece a un boneco, de tamaño natural, en torno ao cal xira sempre o carnaval en Villanueva de la Vera, localidade da provincia de Cáceres, na comunidade autónoma de Extremadura . A festa consiste basicamente nunha serie de ritos que se organizan en torno ao protagonista nos tres días de carnaval e van dende a súa confección á súa morte.




MADRID

Madrid




Carnaval de Madrid Munimadrid |

O Carnaval foi definido como un xogo sen regras e sen prohibicións, e supón para moitos unha vía de escape e de balbordo. O Concello de Madrid deseñou unha serie de actividades para divertimento dos madrileños que desexen celebralo. A partir do próximo venres, ás seis da tarde, a Praza da Vila e a Praza Mayor serán os escenarios elixidos para o seu comezo. Un pasacalles dará a saída ás charangas que invitarán ás festas. Nesta edición, os Carnavais están dedicados ao mundo do cine e ao centenario da Gran Vía.




CASTELA A MANCHA

Albacete, Cidade Real, Cuenca, Guadalaxara e Toledo




O **Carnaval de Villarrobledo** é, fundamentalmente, popular e participativo e, aínda que celebra e mantén actividades e tradicións similares ás doutros moitos Carnavais, como os Desfiles, o Concurso de Murgas e Chirigotas ou o Enterro da Sardiña; as súas múltiples particularidades, como o Anciño de Carnaval, a Noite do Orgullo Manchego ou o Concurso de Vodas fano especialmente atractivo e único.

Dise popularmente que o Carnaval de Villarrobledo é a única festa no mundo de dez días que dura once.




VALENCIA

Valencia, Alacant, Castelló de la Plana



Carnaval de Alacant. Caracterízase xa que todo o mundo pode participar nos actos. Todos os colectivos cidadáns están invitados a cada un dos eventos que se celebran, e teñen cabida á hora de acompañar ás cabalgatas ou só asistir.




MURCIA

Murcia



Os testemuños en forma oral do **CARNAVAL DE AGUIAS** remóntanse ao século XIX, e as primeiras imaxes que se teñen deste carnaval son do ano 1903. Algunhas fontes históricas datan o Carnaval de Aguías no século XVIII, no reinado de Carlos III.

En Aguías consérvase unha Regulación das Festas de Carnaval nas Ordenanzas Municipais do Concello da devandita localidade que data do ano 1886. Nesta norma regulábase o horario no que as persoas podían ir enmascaradas, xa que había posibilidade de que se cometesen delitos grazas ao anonimato, o dereito ás autoridades a pedir documentación ás máscaras, non levar ningún tipo de armas, a prohibición de botar á rúa ou aos viandantes que pasaban por ela auga ou fariña, así como non facer ruídos estrondosos.




ILLAS BALEARES

Menorca, Mallorca, Cabrera,
Eivissa e Formentera




Carnaval en Eivissa Febreiro é o mes do carnaval por excelencia e é unha festa que gusta moito, sobre todo en certas zonas de Eivissa. Entre os moitos eventos que se realizan ao longo deste mes de febreiro, encontrámonos coa clásica Rúa de Carnaval, que sempre resulta moi agradable para poder pasar un bo anaco nas rúas de cada unha das cidades e localidades de Eivissa. Para gozar da Rúa de Carnaval en Eivissa cidade, teremos que esperar ata febreiro .




ANDALUCÍA

Almería, Cádiz, Córdoba, Granada, Huelva, Málaga, Sevilla e Xaén.





CARNAVAL DE CÁDIZ é un dos carnavais máis famosos de España e do mundo, polo que foi recoñecido (conxuntamente co Carnaval de Santa Cruz de Tenerife), como de Interese Turístico Internacional (únicos en España con tal distinción). En xullo de 2009, entrou a formar parte da lista dos dez Tesouros do Patrimonio Cultural Inmaterial de España.

Todos os anos e durante o mes de febreiro celébrase no Gran Teatro Falla o Concurso de Agrupacións do Carnaval.




**CEUTA
MELILLA**




Melilla prepárase xa para vivir, un ano máis, o **Carnaval**, unha colorida e tradicional festa na que participan e gozan centos de melillenses, grandes e pequenos. Para iso, a Comisión de Festexos da Cidade.

Carnaval Ceuta. A festa máis irreverente do ano, con varias cabalgatas e o xa tradicional 'Enterro da Cabala'. Consursos de disfraces e as súas divertidas comparsas e chirigotas que inunda as rúas e os escenarios máis populares.



ILLAS CANARIAS

El Hierro, La Gomera, La Palma,
Tenerife, Fuerteventura, Gran Canaria
e Lanzarote



O CARNAVAL DE SANTA CRUZ DE TENERIFE .Conta con dúas partes ben diferenciadas, o carnaval "oficial" e o carnaval na rúa. O carnaval oficial conta con máis de 100 grupos cunha media de 50 compoñentes cada un: murgas, comparsas, grupos de disfraces, tunas e agrupacións musicais. O carnaval da rúa, vén a ser a participación dos propios cidadáns na festa.



O Entroido en España

**Febreiro 2 011
fin da
presentación**

EDLG -Anexa